

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE

1405 *REAL DECRETO LEXISLATIVO 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos. («BOE» 23, do 26-1-2008.)*

A disposición derradeira sétima da Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera, autoriza o Goberno para que, no prazo máximo dun ano, contado a partir da súa entrada en vigor, elabore e aprobe un texto refundido en que regularice, aclare e harmonice as disposicións legais vixentes en materia de avaliación de impacto ambiental.

A lexislación sobre avaliación de impacto ambiental experimentou sucesivas modificacións desde a publicación do Real decreto lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental, que adecuaba o ordenamento xurídico interno á lexislación comunitaria vixente daquela en materia de avaliación de impacto ambiental. Tras unha modificación menor no anexo I operada pola Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, a primeira modificación significativa do Real decreto lexislativo 1302/1986 lévase a cabo coa Lei 6/2001, do 8 de maio, previamente co Real decreto lei 9/2000, do 6 de outubro, que traspuxo a Directiva 97/11/CE do Consello, do 3 de marzo de 1997, e reparou determinadas deficiencias na transposición da Directiva 85/337/CEE do Consello, do 27 de xuño de 1985, que foran denunciadas pola

Comisión Europea. No ano 2003, a Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, modifica o Real decreto lexislativo 1302/1986 en catro dos seus preceptos.

Finalmente, no ano 2006 realizáronse dúas modificacións transcendentais do citado real decreto lexislativo. A Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, introduciu importantes cambios para dar cumprimento ás exixencias comunitarias previstas nas directivas antes citadas, así como para clarificar e racionalizar o procedemento de avaliación de impacto ambiental. A Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente, permitiu a adecuación da normativa básica de avaliación de impacto ambiental á Directiva 2003/35/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio do 2003, pola que se establecen medidas para a participación do público na elaboración de determinados plans e programas relacionados co ambiente e pola que se modifican, no que se refire á participación pública e o acceso á xustiza, as directivas 85/337/CEE e 96/61/CE do Consello. Esta modificación supuxo o recoñecemento real e efectivo, ao longo do procedemento de avaliación de impacto ambiental, do dereito de participación pública, conforme o previsto no Convenio da Comisión Económica para Europa de Nacións Unidas sobre acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de ambiente, feito en Aarhus o 25 de xuño de 1998.

O número e a relevancia das modificacións realizadas poñen de manifesto a necesidade de aprobar un texto refundido que, en beneficio do principio de seguraza xurídica, regularice, aclare e harmonice as disposicións vixentes en materia de avaliación de impacto ambiental de proxectos. Esta refundición límitase á avaliación de impacto ambiental de plans e programas regulada na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de xaneiro de 2008,

DISPÓÑO:

Artigo único. *Aprobación do texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental.*

Apróbase o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental.

Disposición adicional única. *Remisións normativas.*

As referencias normativas efectuadas noutras disposicións ao Real decreto lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental, entenderanse efectuadas aos preceptos correspondentes do texto refundido que se aproba.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan a este real decreto lexislativo e ao texto refundido que aproba e, en particular, as seguintes:

- a) O Real decreto lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental.
- b) A disposición adicional segunda da Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres.
- c) A disposición adicional décimo segunda da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.
- d) O Real decreto lei 9/2000, do 6 de outubro, polo que se modifica o Real decreto lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental.
- e) A Lei 6/2001, do 8 de maio, pola que se modifica o Real decreto lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental.
- f) O artigo 127 da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.
- g) A disposición derradeira primeira da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente.
- h) A disposición derradeira primeira da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lexislativo e o texto refundido que aproba entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de xaneiro de 2008.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,
CRISTINA NARBONA RUIZ

TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DE PROXECTOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A avaliación de impacto ambiental de proxectos constitúe o instrumento máis adecuado para a preservación dos recursos naturais e a defensa do ambiente.

Esta técnica singular, que introduce a variable ambiental na toma de decisións sobre os proxectos con incidencia importante no ambiente, veuse manifestando como a forma máis eficaz para evitar as agresións contra a natureza, proporcionando unha maior fiabilidade e confianza ás decisións que deban adoptarse, ao poder elixir, entre as diferentes alternativas posibles, aquela que mellor salvaguarde os intereses xerais desde unha perspectiva global e integrada e tendo en conta todos os efectos derivados da actividade proxectada.

A Directiva 85/337/CEE do Consello, do 27 de xuño de 1985, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o ambiente, incorporando un dos principios básicos que debe informar toda política ambiental, como é o da prevención, representou o instrumento xurídico que mellor resposta daba a esta necesidade, integrando a avaliación de impacto ambiental na programación e execución dos proxectos dos sectores económicos de maior importancia, en consonancia co que establece o actual artigo 6 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, segundo o cal as exixencias da protección do ambiente deben incluírse na definición e na realización das demais políticas e accións da Comunidade co obxecto de fomentar un desenvolvemento sustentable.

A citada directiva comunitaria considera, entre outros aspectos, que os efectos dun proxecto sobre o ambiente deben avaliarse para protexer a saúde humana, contribuír mediante un mellor ambiente á calidade de vida, velar polo mantemento da diversidade de especies e conservar a capacidade de reprodución do sistema como recurso fundamental da vida.

Con posterioridade, a Directiva 97/11/CE do Consello, do 3 de marzo de 1997, pola que se modifica a Directiva 85/337/CEE, introduciu diversas disposicións destinadas a clarificar, completar e mellorar as normas relativas ao procedemento de avaliación, e contén importantes modificacións, como son: ampliar substancialmente os proxectos do anexo I; introducir un procedemento para determinar se un proxecto do anexo II debe ser obxecto de avaliación mediante un estudo caso por caso ou mediante limiares ou criterios fixados polos Estados membros; posibilitar que a autoridade competente facilite a súa opinión sobre o contido e alcance da información que o promotor ou titular do proxecto debe subministrar, se así o solicita; e incorporar as principais disposicións do Convenio sobre avaliación de impacto no ambiente nun contexto transfronteirizo, feito en Espoo (Finlandia), que entrou en vigor de forma xeral e para España o 10 de setembro de 1997.

Posteriormente, a Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, clarificou e racionalizou o procedemento de avaliación de impacto ambiental e a Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente, introduciu modificacións para garantir o recoñecemento real e efectivo, ao longo do procedemento de avaliación de impacto ambiental, do dereito de participación pública.

O texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental non incorporou ao seu corpo disposicións sobre avaliación ambiental de plans ou de programas, contidas na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no

ambiente, e limitase a refundir as normas vixentes en materia de avaliación de impacto de proxectos.

En canto á súa estrutura, o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos consta de tres capítulos con 23 artigos e dunha parte final integrada por cinco disposicións adicionais, dúas derradeiras e tres anexos.

O capítulo primeiro ocúpase das disposicións xerais; o artigo 1, artigo inédito, identifica como obxecto da norma, dunha parte, o establecemento do réxime xurídico da avaliación de impacto ambiental de proxectos, e, doutra, a garantía da integración dos aspectos ambientais en tales proxectos mediante a incorporación da avaliación de impacto ambiental no procedemento de autorización ou aprobación daquel polo órgano substantivo que en cada caso resulte competente, tal e como poñen de relevo as directivas comunitarias sobre avaliación de impacto ambiental das que trae causa a lexislación española na materia. Así mesmo, descríbese o contido da avaliación de impacto ambiental e sanciónase o carácter participativo que deben posuír os procedementos administrativos por medio dos cales se realiza tal avaliación.

Neste primeiro capítulo recóllense aquelas definicións necesarias para a mellor comprensión e aplicación da lei. Non só se reproduciron as definicións xa existentes, como as de «público» ou «persoas interesadas» –incorporadas coa modificación operada pola Lei 27/2006–, tamén se engadiron outras novas que, sen constituíren innovacións normativas, axilizan a aproximación á norma facilitando o seu manexo e a súa posta en práctica. Así, xunto á definición de avaliación de impacto ambiental, que posúe un carácter esencialmente descritivo, súmanse á norma as definicións dos principais suxeitos intervinientes na avaliación de impacto ambiental: o suxeito que promove a realización do proxecto (órgano promotor), o que posúe a competencia material para autorizalo (órgano substantivo) e o que leva a cabo a avaliación ambiental propiamente dita (órgano ambiental).

Tamén se regula nun mesmo artigo o ámbito de aplicación da lei, cuestión que se encontraba antes dispersa na norma.

A regulación do réxime de competencias administrativas identifica os supostos en que a competencia para realizar a avaliación de impacto ambiental corresponde á Administración xeral do Estado e determínase que en tales casos actuará como órgano ambiental o Ministerio de Medio Ambiente, tal e como se establecía ata a data na lexislación obxecto de refundición, de conformidade coa xurisprudencia do Tribunal Constitucional.

O capítulo II contén o réxime xurídico da avaliación ambiental propiamente dita. O capítulo foi dividido en dúas seccións. A primeira ocúpase da avaliación de impacto ambiental dos proxectos do anexo I (aqueles proxectos que deben someterse ineludiblemente a avaliación de impacto). A sección 2.^a, pola súa banda, regula a avaliación de impacto ambiental dos proxectos relacionados no anexo II e a daqueles que, non estando incluídos no anexo I, poden afectar directa ou indirectamente os espazos que forman parte da Rede Natura 2000. Con esta división o texto refundido aborda, en primeiro lugar, o réxime común da avaliación de impacto ambiental e, a seguir, a especialidade que constitúe a análise previa sobre a necesidade de someter ou non determinados proxectos a avaliación, considerando que tal avaliación, se debe pórse en práctica, seguirá as canles descritas na sección 1.^a, non obstante as particularidades previstas na propia sección 2.^a

O articulado da sección 1.^a tratou de seguir a orde cronolóxica ou secuencial en que, a priori, debe desenvolverse a avaliación de impacto dun proxecto. Así, tras un primeiro artigo (o 5, creado «ex novo») en que se enuncian as actuacións que comprende a avaliación de impacto ambiental e en que se enfatiza o carácter partici-

pativo desta institución xurídica, os artigos sucesivos ordenan o contido xurídico típico da avaliación de impacto ambiental.

Reproducindo os mandatos xurídicos vixentes, regúlanse as seguintes actuacións: o acto de iniciación do procedemento de avaliación de impacto ambiental, describindo as actuacións que comprende e definindo o contido do documento inicial do proxecto que deberá acompañar a solicitude de sometemento do proxecto a avaliación de impacto ambiental; o estudo de impacto ambiental; o trámite de información pública e de consulta ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas; a caducidade do trámite; a avaliación de impacto ambiental con efectos transfronteirizos; e a emisión da declaración de impacto ambiental.

A sección 1.^a péchase coa regulación de tres aspectos relacionados coa declaración de impacto ambiental: a resolución de discrepancias entre o órgano ambiental e o substantivo, a caducidade da declaración de impacto ambiental e a obrigatoriedade para o órgano substantivo de facer pública a decisión sobre a autorización ou aprobación do proxecto.

A sección 2.^a do capítulo II regula a avaliación de impacto ambiental dos proxectos relacionados no anexo II e a daqueles que, non estando incluídos no anexo I, poden afectar directa ou indirectamente os espazos que forman parte da Rede Natura 2000. Esta regulación sitúase no capítulo II, como unha actuación previa determinante do sometemento ou non a avaliación de certos proxectos; actuación en que deben observarse unha serie de garantías e trámites destinados a asegurar o acerto na toma de decisións e o carácter participativo que informa a avaliación de impacto ambiental dos proxectos.

Con este propósito, o artigo 16 contén o réxime xurídico aplicable ás solicitudes dirixidas aos órganos responsables para que estes determinen se os referidos proxectos deben someterse ou non a avaliación de impacto ambiental. O precepto harmoniza a regulación anterior e dálles o mesmo tratamento aos proxectos do anexo II e aos que poidan afectar a Rede Natura 2000. Co mesmo propósito harmonizador, engádese ao punto segundo do precepto un novo parágrafo en que se recolle, en relación cos proxectos estatais, a obriga xa existente para o órgano substantivo de enviar os documentos que deben acompañar a solicitude ao órgano ambiental, co obxecto de que este se pronuncie sobre a necesidade ou non de iniciar o trámite de avaliación de impacto ambiental.

O artigo 17, pola súa banda, ocúpase do prazo en que se deberá resolver a solicitude antes mencionada.

O capítulo III regula os aspectos relacionados co control do cumprimento das declaracións de impacto ambiental. Ábrese este capítulo coa regulación do seguimento e a vixilancia do cumprimento da declaración de impacto ambiental. A tipificación de infraccións e sancións é abordada polos artigos 20 e 21. O capítulo III pecha coa regulación da suspensión da execución de proxecto ou actividade por omisión ou defectos na avaliación de impacto ambiental e coa reparación e indemnización de danos.

As disposicións adicionais regulan, en primeiro lugar, os proxectos excluídos do trámite de avaliación de impacto ambiental. Na disposición adicional segunda regúlase a exclusión de proxectos do trámite de avaliación de impacto ambiental por motivos excepcionais e inclúese de maneira expresa a obriga de comunicar á Comisión Europea a información a que se refire a devandita disposición, tal e como se exixía na Directiva comunitaria 2003/35/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio de 2003.

A disposición adicional terceira foi obxecto de modificación para harmonizar o seu contido co disposto nos propios anexos da lei. Desta maneira, regulariza o réxime xurídico aplicable aos proxectos estatais que deban

someterse ou poidan someterse a avaliación de impacto ambiental por exixilo así a normativa de calquera comunidade autónoma afectada polo proxecto en cuestión. Recoñécese a posibilidade de que a lexislación autonómica exixa que os proxectos estatais se sometan a avaliación de impacto ambiental, ao tempo que se garante que tal avaliación, de levarse a cabo, se realizará nos termos regulados nesta lei.

Mantense a disposición adicional cuarta respecto dos proxectos estatais que poidan afectar espazos da Rede Natura 2000.

Cómpre destacar, por último, a inclusión dunha nova disposición adicional, a quinta, que trasladou á parte final do texto a previsión contida no antigo artigo 8.

En canto ás disposicións derradeiras, a antiga disposición derradeira primeira foi suprimida, ao perder a súa vixencia. A disposición derradeira primeira atribúe carácter básico á norma, conforme o artigo 149.1.23.^a da Constitución. Así mesmo, recolle os preceptos que carecen de carácter básico. Finalmente, a disposición derradeira segunda contén a habilitación para o desenvolvemento regulamentario da lei.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Esta lei ten por obxecto establecer o réxime xurídico aplicable á avaliación de impacto ambiental de proxectos consistentes na realización de obras, instalacións ou calquera outra actividade comprendida nos seus anexos I e II, segundo os termos establecidos nela.

2. Esta lei pretende asegurar a integración dos aspectos ambientais no proxecto de que se trate mediante a incorporación da avaliación de impacto ambiental no procedemento de autorización ou aprobación daquel polo órgano substantivo.

3. A avaliación do impacto ambiental identificará, describirá e avaliará de forma apropiada, en función de cada caso particular e de conformidade con esta lei, os efectos directos e indirectos dun proxecto sobre os seguintes factores:

- a) O ser humano, a fauna e a flora.
- b) O solo, a auga, o aire, o clima e a paisaxe.
- c) Os bens materiais e o patrimonio cultural.
- d) A interacción entre os factores mencionados anteriormente.

4. As administracións públicas promoverán e asegurarán a participación das persoas interesadas na tramitación dos procedementos de autorización e aprobación de proxectos que deban someterse a avaliación de impacto ambiental e adoptarán as medidas previstas nesta lei para garantir que tal participación sexa real e efectiva.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos do disposto nesta lei entenderase por:

1. **Avaliación de impacto ambiental:** o conxunto de estudos e análises técnicas que permiten estimar os efectos que a execución dun determinado proxecto pode causar sobre o ambiente.

2. **Órgano substantivo:** aquel órgano da Administración pública estatal, autonómica ou local competente para autorizar ou para aprobar os proxectos que deban someterse a avaliación de impacto ambiental.

3. **Órgano ambiental:** aquel órgano da Administración pública estatal ou autonómica competente para avaliar o impacto ambiental dos proxectos.

4. **Promotor:** calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, que se propoña realizar un proxecto dos comprendidos no ámbito de aplicación desta lei.

5. **Público:** calquera persoa física ou xurídica, así como as súas asociacións, organizacións e grupos constituídos conforme a normativa que lles sexa de aplicación.

6. **Persoas interesadas:**

a) Todas aquelas en que conorra calquera das circunstancias previstas no artigo 31 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

b) Calquera persoa xurídica, sen ánimo de lucro, que cumpra os seguintes requisitos:

1.º Que teña entre os fins acreditados nos seus estatutos a protección do ambiente en xeral ou a dalgún dos seus elementos en particular, e que tales fins poidan resultar afectados polo procedemento de avaliación de impacto ambiental.

2.º Que leve dous anos legalmente constituída e veña exercendo de modo activo as actividades necesarias para alcanzar os fins previstos nos seus estatutos.

3.º Que, segundo os seus estatutos, desenvolva a súa actividade nun ámbito territorial que resulte afectado polo proxecto que deba someterse a avaliación de impacto ambiental.

7. **Administracións públicas afectadas:** aquelas administracións públicas que teñen competencias específicas en materia de poboación, fauna, flora, solo, auga, aire, clima, paisaxe, bens materiais e patrimonio cultural.

Artigo 3. *Ámbito.*

1. Os proxectos, públicos e privados, consistentes na realización de obras, instalacións ou calquera outra actividade comprendida no anexo I deberán someterse a unha avaliación de impacto ambiental na forma prevista nesta lei.

2. Só se deberán someter a unha avaliación de impacto ambiental na forma prevista nesta lei, cando así o decida o órgano ambiental en cada caso, os seguintes proxectos:

a) Os proxectos públicos ou privados consistentes na realización das obras, instalacións ou de calquera outra actividade comprendida no anexo II.

b) Os proxectos públicos ou privados non incluídos no anexo I que poidan afectar directa ou indirectamente os espazos da Rede Natura 2000.

A decisión, que debe ser motivada e pública, axustarase aos criterios establecidos no anexo III.

A normativa das comunidades autónomas poderá establecer, ben mediante a análise caso a caso, ben mediante a fixación de limiares, e de acordo cos criterios do anexo III, que os proxectos a que se refire esta alínea se sometan a avaliación de impacto ambiental.

Artigo 4. *Competencias.*

1. Para efectos do establecido nesta lei e, de ser o caso, na lexislación das comunidades autónomas, o Ministerio de Medio Ambiente será órgano ambiental en relación cos proxectos que deban ser autorizados ou aprobados pola Administración xeral do Estado.

2. Cando se trate de proxectos distintos aos sinalados no número 1, será órgano ambiental o que determine cada comunidade autónoma no seu respectivo ámbito territorial.

3. Cando corresponda á Administración xeral do Estado formular a declaración de impacto ambiental regulada nesta lei, será consultado preceptivamente o órgano ambiental da comunidade autónoma onde se

sitúe territorialmente o proxecto, nos termos previstos nos artigos 8 e 9, así como, de ser o caso, no artigo 17.2.

CAPÍTULO II

Avaliación de impacto ambiental de proxectos

SECCIÓN 1.^a AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DE PROXECTOS DO ANEXO I

Artigo 5. *Avaliación de impacto ambiental de proxectos.*

1. A avaliación de impacto ambiental de proxectos comprenderá as seguintes actuacións:

- Solicitud de sometemento do proxecto a avaliación de impacto ambiental polo promotor, acompañada do documento inicial do proxecto.
- Determinación de alcance do estudo de impacto ambiental polo órgano ambiental, logo de consulta ás administracións públicas afectadas e, de ser o caso, ás persoas interesadas.
- Elaboración do estudo de impacto ambiental polo promotor do proxecto.
- Realización do trámite de información pública e de consultas ás administracións públicas afectadas e a persoas interesadas, polo órgano substantivo.

2. A avaliación de impacto ambiental de proxectos finalizará coa emisión da declaración de impacto ambiental polo órgano ambiental, a cal se fará pública.

Artigo 6. *Solicitud de avaliación de impacto ambiental para proxectos do anexo I.*

1. O promotor solicitará do órgano que determine cada comunidade autónoma que o proxecto sexa sometido a avaliación de impacto ambiental.

A solicitud irá acompañada dun documento inicial do proxecto con, cando menos, o seguinte contido:

- A definición, características e situación do proxecto.
- As principais alternativas que se consideran e a análise dos potenciais impactos de cada unha delas.
- Un diagnóstico territorial e do ambiente afectado polo proxecto.

2. Nos proxectos que deban ser autorizados ou aprobados pola Administración xeral do Estado, a solicitud e a documentación a que se refire este número presentaranse ante o órgano substantivo.

O órgano substantivo, unha vez mostrada a súa conformidade cos documentos a que se refire o número anterior, enviaraos ao órgano ambiental co obxecto de iniciar o trámite de avaliación de impacto ambiental.

Artigo 7. *Estudo de impacto ambiental.*

1. Os proxectos que deban someterse a avaliación de impacto ambiental deberán incluír un estudo de impacto ambiental, cuxa amplitude e nivel de detalle serán determinados previamente polo órgano ambiental. O devandito estudo conterá, polo menos, os seguintes datos:

- Descrición xeral do proxecto e exigencias previsibles no tempo, en relación coa utilización do solo e doutros recursos naturais. Estimación dos tipos e cantidades de residuos vertidos e emisións de materia ou enerxía resultantes.
- Unha exposición das principais alternativas estudadas e unha xustificación das principais razóns da solución adoptada, tendo en conta os efectos ambientais.
- Avaliación dos efectos previsibles directos ou indirectos do proxecto sobre a poboación, a flora, a fauna, o

solo, o aire, a auga, os factores climáticos, a paisaxe e os bens materiais, incluído o patrimonio histórico artístico e o arqueolóxico. Así mesmo, atenderase á interacción entre todos estes factores.

- Medidas previstas para reducir, eliminar ou compensar os efectos ambientais significativos.
- Programa de vixilancia ambiental.
- Resumo do estudo e conclusións en termos facilmente comprensibles. De ser o caso, informe sobre as dificultades informativas ou técnicas encontradas na súa elaboración.

2. A Administración porá á disposición do titular do proxecto os informes e calquera outra documentación que conste no seu poder cando resulte de utilidade para a realización do estudo de impacto ambiental.

Artigo 8. *Determinación do alcance do estudo de impacto ambiental.*

1. Para a determinación da amplitude e o nivel de detalle do estudo de impacto ambiental, o órgano ambiental consultará as administracións públicas afectadas sobre o documento inicial do proxecto. A consulta poderase ampliar a outras persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, vinculadas á protección do ambiente.

2. Para os efectos do previsto no número anterior, o órgano substantivo remitirá ao órgano ambiental o documento inicial do proxecto a que se refire o artigo 6.

3. Nos proxectos que deban ser autorizados ou aprobados pola Administración xeral do Estado, o prazo para trasladar ao promotor a amplitude e o nivel de detalle do estudo de impacto ambiental, así como as contestacións recibidas ás consultas efectuadas, será de tres meses, computándose o devandito prazo desde a recepción polo órgano ambiental da solicitud e da documentación a que se refire o artigo 6.

Artigo 9. *Trámite de información pública e de consulta ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas.*

1. O órgano substantivo someterá o estudo de impacto ambiental a que se refire o artigo 7, dentro do procedemento aplicable para a autorización ou realización do proxecto a que corresponda, e conxuntamente con este, ao trámite de información pública e demais informes que nel se establezan. O devandito trámite efectuarase naquelas fases do procedemento en que estean aínda abertas todas as opcións relativas á determinación do contido, a extensión e a definición do proxecto suxeito a autorización e sometido a avaliación de impacto ambiental e terá unha duración non inferior a 30 días.

Este trámite de información pública tamén deberá ser efectuado polo órgano substantivo en relación cos proxectos que requiran a autorización ambiental integrada segundo o disposto na Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.

2. Durante a realización do trámite de información pública, o órgano substantivo informará o público dos aspectos relevantes relacionados co procedemento de autorización do proxecto e, en concreto, dos seguintes aspectos:

- A solicitud de autorización do proxecto.
- O feito de que o proxecto está suxeito a un procedemento de avaliación de impacto ambiental, así como de que, de ser o caso, pode resultar de aplicación o previsto no artigo 11 en materia de consultas transfronteirizas.
- Identificación do órgano competente para resolver o procedemento, daqueles dos que se poida obter información pertinente e daqueles aos que se poidan pre-

sentar observacións, alegacións e consultas, así como do prazo dispoñible para a súa presentación.

d) Natureza das decisións ou, de ser o caso, dos borradores ou proxecto de decisións que se vaian adoptar.

e) Indicación da dispoñibilidade da información recollida conforme o artigo 7 e da data e lugar ou lugares en que se porá á disposición do público tal información.

f) Identificación das modalidades de participación.

3. Simultaneamente, o órgano substantivo consultará coas administracións públicas afectadas que fosen previamente consultadas en relación coa definición da amplitude e o nivel de detalle do estudo de impacto ambiental e proporcionaralles a seguinte información, a cal, ademais, será posta á disposición das persoas interesadas:

a) Toda a información recollida en virtude do artigo 7.

b) Toda a documentación relevante recibida polo órgano substantivo con anterioridade á realización do trámite de información pública.

O órgano substantivo informará as persoas interesadas e as administracións públicas afectadas do dereito a participar no correspondente procedemento e do momento en que poden exercer tal dereito. A notificación indicará a autoridade competente a que se deben remitir as observacións e alegacións en que se concrete tal participación e o prazo en que deberán ser remitidas. O dito prazo non será inferior a 30 días.

4. Así mesmo, o órgano substantivo porá á disposición das persoas interesadas e das administracións públicas afectadas aqueloutra información distinta da prevista no número 3 que só se poida obter unha vez finalizado o período de información ao público a que se refire o número 2 e que resulte relevante para os efectos da decisión sobre a execución do proxecto.

5. Os resultados das consultas e da información pública deberán ser tomados en consideración polo promotor no seu proxecto, así como polo órgano substantivo na súa autorización.

Artigo 10. *Prazo para efectuar o trámite de información pública e de consulta ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas.*

1. De o órgano substantivo non someter o estudo de impacto ambiental ao trámite de información pública, no prazo fixado pola comunidade autónoma, procederase a arquivar o expediente, e será necesario, de ser o caso, iniciar novamente o trámite de avaliación de impacto ambiental.

2. Nos proxectos que deban ser autorizados ou aprobados pola Administración xeral do Estado, o dito prazo será de dous anos e computarase desde que o promotor reciba a notificación efectuada polo órgano ambiental sobre o nivel de detalle do estudo de impacto ambiental e sobre as contestacións formuladas ás consultas efectuadas.

Artigo 11. *Avaliación de impacto ambiental con efectos transfronteirizos.*

1. Cando se considere que a execución dun proxecto sometido a avaliación de impacto ambiental poida ter efectos significativos sobre o ambiente doutro Estado membro da Unión Europea, ou cando un Estado membro que poida verse significativamente afectado o solicite, o órgano ambiental que deba formular a declaración de impacto ambiental, cando realice as consultas mencionadas no artigo 8, comunicaralle ao dito Estado, a través do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, a posibilidade de abrir un período de consultas bilaterais para estudar tales efectos, así como as medidas que, de ser o caso, se poidan acordar para suprimilos ou reducilos. Con tal finalidade, facilitaráselle ao Estado membro

en cuestión unha descrición do proxecto, xunto con toda a información relevante sobre os seus posibles efectos transfronteirizos e demais información derivada da tramitación do procedemento, con anterioridade á autorización do proxecto.

2. Se o Estado membro manifestar a súa vontade de abrir o dito período de consultas, o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, consultando previamente co órgano ambiental que deba formular a declaración de impacto ambiental, negociará coas autoridades competentes do citado Estado o calendario razoable de reunións e trámites a que se deberán axustar as consultas e as medidas que deban ser adoptadas para garantir que as autoridades ambientais e as persoas interesadas do devandito Estado, na medida en que poida resultar significativamente afectado, teñan ocasión de manifestar a súa opinión sobre o proxecto con anterioridade á súa autorización.

3. A delegación do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación responsable da negociación incluírá, cando menos, un representante do órgano substantivo para a autorización do proxecto, así como doutro do órgano ambiental correspondente, e en calquera caso unha representación da Administración autonómica no territorio da cal se vaia executar o citado proxecto.

4. O procedemento de consulta transfronteiriza iniciárase mediante comunicación do órgano substantivo dirixida ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, acompañada da documentación a que se refire o número 1. Igualmente, xuntarase unha memoria sucinta elaborada polo promotor na cal se exporán de maneira motivada os fundamentos de feito e de dereito que xustifican a necesidade de pór en coñecemento doutro Estado membro o proxecto de que se trate. Na comunicación identificaranse os representantes das administracións públicas que, de ser o caso, se vaian integrar na delegación do citado ministerio.

5. Se a apertura do período de consultas transfronteirizas foi promovida pola autoridade do Estado membro susceptible de ser afectado pola execución do proxecto, o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación porao en coñecemento do órgano substantivo e solicitaralle a remisión da documentación a que se refire o número anterior, co fin de iniciar o procedemento de consulta transfronteiriza.

6. Os prazos previstos na normativa reguladora do procedemento de autorización do proxecto quedarán suspendidos ata que conclúa o procedemento de consultas transfronteirizas.

7. Cando un Estado membro da Unión Europea comunique que no seu territorio está prevista a execución dun proxecto que pode ter efectos significativos sobre o ambiente en España, o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación porao en coñecemento do Ministerio de Medio Ambiente, o cal, coa participación dos órganos ambientais das comunidades autónomas afectadas, actuará como órgano ambiental nas consultas bilaterais que se fagan para estudar tales efectos, así como as medidas que, de ser o caso, se poidan acordar para suprimilos ou reducilos.

O órgano ambiental garantirá que as administracións públicas afectadas e as persoas interesadas son consultadas de acordo co establecido no artigo 9. Para estes efectos, definirá os termos en que se efectuará o trámite de consultas en colaboración cos órganos competentes das comunidades autónomas afectadas pola execución do proxecto promovido por outro Estado membro da Unión Europea.

Artigo 12. *Declaración de impacto ambiental.*

1. Una vez realizado o trámite de información pública e con carácter previo á resolución administrativa que se

adopte para a realización ou, de ser o caso, autorización da obra, instalación ou actividade de que se trate, o órgano substantivo remitirá o expediente ao órgano ambiental, acompañado, de ser o caso, das observacións que considere oportunas, co obxecto de que se formule unha declaración de impacto ambiental en que se determinen as condicións que se deban establecer para a adecuada protección do ambiente e os recursos naturais.

2. Os prazos para remitir o expediente ao órgano ambiental e para formular a declaración de impacto ambiental serán fixados pola comunidade autónoma.

Nos proxectos que deban ser autorizados ou aprobados pola Administración xeral do Estado, o prazo para remitir o expediente ao órgano ambiental será de seis meses desde a terminación do prazo de información pública a que foi sometido, e o prazo para formular a declaración de impacto ambiental será de tres meses.

3. A declaración de impacto ambiental farase pública en todo caso.

As declaracións de impacto ambiental relativas a proxectos que deban ser autorizados ou aprobados pola Administración xeral do Estado serán publicadas no «Boletín Oficial del Estado».

Artigo 13. *Resolución de discrepancias.*

No suposto de discrepancia entre o órgano substantivo e o órgano ambiental sobre a conveniencia, para efectos ambientais, de executar un proxecto ou sobre o contido do condicionado da declaración de impacto ambiental, resolverá, segundo a Administración que tramitase o expediente, o Consello de Ministros ou o órgano de goberno da comunidade autónoma correspondente ou, de ser o caso, o que a devandita comunidade determinase.

Artigo 14. *Caducidade da declaración de impacto ambiental.*

1. A declaración de impacto ambiental do proxecto ou actividade caducará se, unha vez autorizado ou aprobado o proxecto, non se comezar a súa execución no prazo fixado pola comunidade autónoma. En tales casos, o promotor deberá iniciar novamente o trámite de avaliación ambiental do proxecto.

Nos proxectos que deban ser autorizados ou aprobados pola Administración xeral do Estado, este prazo será de cinco anos.

2. Non obstante o disposto no número anterior, o órgano ambiental poderá resolver, por solicitude do promotor, que a devandita declaración segue vixente ao non se teren producido cambios substanciais nos elementos esenciais que serviron de base para realizar a avaliación de impacto ambiental. O prazo máximo de emisión e notificación do informe sobre a revisión da declaración de impacto ambiental será o que fixe a comunidade autónoma.

Se, transcorrido o devandito prazo, non se emitiu o citado informe, poderase entender vixente a declaración de impacto ambiental formulada no seu día.

Nos proxectos que deban ser autorizados ou aprobados pola Administración xeral do Estado, o prazo máximo de emisión e notificación do informe sobre a revisión da declaración de impacto ambiental será de sesenta días.

3. Para os efectos previstos neste artigo, o promotor de calquera proxecto ou actividade sometido a avaliación de impacto ambiental deberalle comunicar ao órgano ambiental, coa suficiente antelación, a data de comezo da execución do dito proxecto ou actividade.

Artigo 15. *Publicidade do proxecto autorizado.*

1. A decisión sobre a autorización ou aprobación do proxecto será feita pública polo órgano substantivo que a

adoptase, o cal porá á disposición do público a seguinte información:

a) O contido da decisión e as condicións impostas.
b) As principais razóns e consideracións en que se basea a decisión, en relación coas observacións e opinións expresadas durante a avaliación de impacto ambiental.

c) Unha descrición, cando sexa necesario, das principais medidas para evitar, reducir e, se é posible, anular os principais efectos adversos.

2. A información a que se refire o número anterior será enviada aos Estados membros que fosen consultados segundo o artigo 11.

Sección 2.^a *Avaliación de impacto ambiental de proxectos do anexo II e de proxectos non incluídos no anexo I que poidan afectar directa ou indirectamente os espazos da Rede Natura 2000*

Artigo 16. *Solicitud para a determinación de sometemento ou non a avaliación de impacto ambiental.*

1. A persoa física ou xurídica, pública ou privada, que se propoña realizar un proxecto dos comprendidos no anexo II, ou un proxecto non incluído no anexo I e que poida afectar directa ou indirectamente os espazos da Rede Natura 2000, solicitará do órgano que determine cada comunidade autónoma que se pronuncie sobre a necesidade ou non de que tal proxecto se someta a avaliación de impacto ambiental, de acordo cos criterios establecidos no anexo III. A devandita solicitude irá acompañada dun documento ambiental do proxecto con, cando menos, o seguinte contido:

a) A definición, características e situación do proxecto.

b) As principais alternativas estudadas.

c) Unha análise de impactos potenciais no ambiente.

d) As medidas preventivas, correctoras ou compensatorias para a adecuada protección do ambiente.

e) A forma de realizar o seguimento que garanta o cumprimento das indicacións e medidas protectoras e correctoras contidas no documento ambiental.

2. Nos proxectos que deban ser autorizados ou aprobados pola Administración xeral do Estado, a solicitude e a documentación a que se refire o número anterior presentaranse ante o órgano substantivo.

O órgano substantivo, unha vez mostrada a súa conformidade cos documentos a que se refire o número anterior, enviaraos ao órgano ambiental co obxecto de que este se pronuncie sobre a necesidade ou non de iniciar o trámite de avaliación de impacto ambiental.

Artigo 17. *Determinación de sometemento ou non sometemento a avaliación de impacto ambiental.*

1. O órgano que reciba a solicitude a que se refire o artigo anterior pronunciarase sobre a necesidade de que o proxecto se someta ou non a avaliación de impacto ambiental no prazo que determine a comunidade autónoma.

No ámbito da Administración xeral do Estado, corresponderalle ao órgano ambiental pronunciarse no prazo de tres meses, a partir do día seguinte ao da recepción polo órgano ambiental da solicitude e da documentación a que se refire o artigo 16.

2. Previamente, serán consultadas as administracións, persoas e institucións afectadas pola realización do proxecto, pondo ao seu dispor o documento ambiental do proxecto a que se refire o artigo 16.

A decisión, que se fará pública, tomará en consideración o resultado das consultas.

3. Cando da información recibida na fase de consultas se determine que o proxecto se debe someter ao procedemento de avaliación de impacto ambiental, daráselle traslado ao promotor, de acordo co artigo 8.3, da amplitude e do nivel de detalle do estudo de impacto ambiental, xunto coas contestacións recibidas ás consultas efectuadas, para que continúe coa tramitación, de acordo co previsto na sección 1.^a

CAPÍTULO III

Control do cumprimento das declaracións de impacto ambiental

Artigo 18. *Seguimento e vixilancia do cumprimento da declaración de impacto ambiental.*

1. Corresponde ao órgano substantivo ou aos órganos que, de ser o caso, designen as comunidades autónomas respecto dos proxectos que non sexan de competencia estatal, o seguimento e vixilancia do cumprimento da declaración de impacto ambiental.

Sen prexuízo do anterior, o órgano ambiental poderá solicitar información daquel ao respecto, así como efectuar as comprobacións necesarias para verificar o cumprimento do condicionado.

2. O órgano substantivo comunicarlle ao órgano ambiental o comezo e o remate das obras, así como o comezo da fase de explotación.

Artigo 19. *Réxime sancionador.*

1. Poderán ser sancionados polos feitos constitutivos das infraccións administrativas reguladas neste capítulo os promotores de proxectos que teñan a condición de persoa física ou xurídica privada que resulten responsables deles.

2. A potestade sancionadora corresponderá ao órgano substantivo nos proxectos privados que deban ser autorizados ou aprobados pola Administración xeral do Estado.

Artigo 20. *Infraccións en materia de avaliación de impacto ambiental.*

1. Sen prexuízo das infraccións que, de ser o caso, poidan establecer as comunidades autónomas, as infraccións en materia de avaliación de impacto ambiental no caso de proxectos privados levados a cabo por persoa física ou xurídica privada clasifícanse en moi graves, graves e leves.

2. Son infraccións moi graves:

a) O inicio da execución dun proxecto que debe someterse a avaliación de impacto ambiental, de acordo co anexo I, sen ter obtido previamente a correspondente declaración de impacto ambiental.

b) O inicio da execución dun proxecto dos recollidos no anexo II, que deba someterse a avaliación de impacto ambiental, sen ter obtido previamente a correspondente declaración de impacto ambiental ou a decisión de non sometemento a avaliación de impacto ambiental a que se refire o artigo 17.

3. Son infraccións graves:

a) A ocultación de datos, o seu falseamento ou a súa manipulación maliciosa no procedemento de avaliación.

b) O incumprimento das condicións ambientais en que debe realizarse o proxecto de acordo coa declaración de impacto ambiental, así como das correspondentes medidas protectoras e correctoras.

c) O incumprimento das ordes de suspensión da execución do proxecto.

d) O incumprimento, por parte dos promotores de proxectos incluídos no anexo II, da obriga de os someter ao procedemento establecido na sección 2.^a do capítulo II.

e) O incumprimento por parte dos promotores dos proxectos incluídos no anexo II da obriga de subministrar a documentación sinalada no artigo 16.

4. É infracción leve o incumprimento de calquera das obrigas ou requisitos contidos nesta lei, cando non estea tipificado como moi grave ou grave.

5. Unha vez iniciado o procedemento sancionador, o órgano competente para resolver poderá, en calquera momento e mediante acordo motivado, dispor a suspensión da execución do proxecto e adoptar outras medidas de carácter provisorio que aseguren a eficacia da resolución final que puider recaer.

Artigo 21. *Sancións correspondentes ás infraccións en materia de avaliación de impacto ambiental.*

1. As infraccións tipificadas no artigo anterior darán lugar á imposición das seguintes sancións:

a) No caso de infracción moi grave: multa desde 240.404,85 ata 2.404.048,42 euros.

b) No caso de infraccións graves: multa desde 24.040,49 ata 240.404,85 euros.

c) No caso de infraccións leves: multa de ata 24.040,49 euros.

2. As sancións imponse atendendo ás circunstancias do responsable, ao grao de culpa, á reiteración, á participación e beneficio obtido e ao grao do dano causado ao ambiente ou do perigo a que se expuxese a saúde das persoas, de conformidade co establecido no artigo 131.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

3. O establecido neste artigo enténdese sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas na materia.

Artigo 22. *Suspensión da execución do proxecto ou de actividades por omisión ou defectos na avaliación de impacto ambiental.*

1. Sen prexuízo do sinalado no artigo 20.5, se un proxecto dos sometidos obrigatoriamente a avaliación de impacto ambiental comezar a executarse sen obter previamente a correspondente declaración de impacto ambiental, suspenderase a súa execución por requirimento do órgano ambiental, ou do que determine a comunidade autónoma no seu ámbito de competencias, sen prexuízo da responsabilidade a que houber lugar.

2. Así mesmo, sen prexuízo do disposto no citado artigo 20.5, o órgano substantivo acordará a suspensión nos seguintes supostos:

a) Cando se acredite a ocultación de datos ou o seu falseamento ou a manipulación maliciosa no procedemento de avaliación, sempre que influíse de forma determinante no resultado da devandita avaliación.

b) Cando se incumprisen ou transgredisen de maneira significativa as condicións ambientais impostas para a execución do proxecto.

3. O requirimento do órgano ambiental a que se refire o número 1 pode ser acordado de oficio ou por instancia de parte, unha vez xustificado o suposto a que fai referencia o citado número.

4. No caso de suspensión de actividades terase en conta o previsto na lexislación laboral.

Artigo 23. *Reparación e indemnización de danos.*

1. Cando a execución dos proxectos a que se refire o artigo anterior produza unha alteración da realidade física, o seu titular deberá proceder á súa reparación na

forma que dispoña a Administración. Para tal efecto, esta poderá impor multas coercitivas sucesivas de ata 300.51 euros cada unha, sen prexuízo da posible execución subsidiaria pola propia Administración, a cargo daquel.

2. En calquera caso, o titular do proxecto deberá indemnizar polos danos e perdas ocasionados. A valoración destes faraa a Administración pública competente, con previa taxación contraditoria cando o titular do proxecto non prestar a súa conformidade a aquela. Para tal efecto, e cando resulte de aplicación, observarase o disposto na Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental.

Disposición adicional primeira. Proxectos excluídos do trámite de avaliación de impacto ambiental.

Esta lei non será de aplicación aos proxectos relacionados cos obxectivos da defensa nacional cando tal aplicación puiden ter repercusións negativas sobre tales obxectivos. Tampouco será de aplicación aos proxectos aprobados especificamente por unha lei do Estado.

Disposición adicional segunda. Exclusión de proxectos do trámite de avaliación de impacto ambiental por motivos excepcionais.

1. O Consello de Ministros, no ámbito da Administración xeral do Estado, e o órgano que determine a lexislación de cada comunidade autónoma, no seu respectivo ámbito de competencias, poderán, en supostos excepcionais e mediante acordo motivado, excluír un proxecto determinado do trámite de avaliación de impacto ambiental.

En tales casos, examínase a conveniencia de someter o proxecto excluído a outra forma de avaliación.

2. O acordo de exclusión e os motivos que o xustifican serán publicados no «Boletín Oficial del Estado» ou no diario oficial correspondente.

Adicionalmente, porase á disposición das persoas interesadas a seguinte información:

- a) A decisión de exclusión e os motivos que a xustifican.
- b) A información relativa ao exame sobre as formas alternativas de avaliación do proxecto excluído.

A dita información será comunicada á Comisión Europea, con carácter previo á autorización ou aprobación do proxecto.

Disposición adicional terceira. Proxectos estatais que deban someterse ao trámite de avaliación de impacto ambiental por aplicación da lexislación autonómica.

1. Os proxectos que deban ser autorizados ou aprobados pola Administración xeral do Estado e non se teñan que suxeitar a avaliación de impacto ambiental conforme o establecido nesta lei poderán quedar suxeitos á devandita avaliación cando así o determine a lexislación de calquera comunidade autónoma afectada polo proxecto. En tales casos será de aplicación o disposto no anexo I, grupo 9, letra d e no anexo II, grupo 9, letra n.

2. A avaliación a que se refire o número anterior levarase a cabo de conformidade co procedemento abreviado que para tal efecto establece regulamentariamente o Goberno.

Disposición adicional cuarta. Avaliación ambiental dos proxectos estatais que poidan afectar espazos da Rede Natura 2000.

1. A avaliación dos proxectos que, sen ter relación directa coa xestión do lugar de que se trate da Rede Natura 2000 ou sen ser necesario para ela, poida afectar de forma apreciable os citados lugares, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans ou proxectos, someterase a unha adecuada avaliación das

súas repercusións no lugar tendo en conta os obxectivos de conservación do devandito lugar, conforme o disposto na Lei 42/2007, do 13 de decembro, de patrimonio natural e da biodiversidade, sen prexuízo do establecido nesta lei.

2. No suposto de proxectos autorizados ou aprobados pola Administración xeral do Estado, á vista das conclusións da avaliación de impacto ambiental sobre as zonas da Rede Natura 2000, e supeditado ao disposto no número 4 do artigo 6 do Real decreto 1997/1995, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, o Ministerio de Medio Ambiente fixará as medidas compensatorias necesarias para garantir a coherencia global de Natura 2000. Para a súa definición, será consultado preceptivamente o órgano competente da comunidade autónoma en que se localice o proxecto, cuxo parecer poderá ser incorporado á declaración de impacto ambiental que emita o órgano ambiental estatal. O prazo para a emisión do citado informe será de 30 días. Transcorrido este prazo sen que se emitise o informe, o órgano ambiental estatal poderá proseguir as actuacións.

3. A remisión, de ser o caso, da información á Comisión Europea sobre as medidas compensatorias adoptadas será efectuada polo Ministerio de Medio Ambiente nos termos previstos no artigo 10 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Disposición adicional quinta. Confidencialidade do órgano ambiental na avaliación de impacto ambiental sobre as informacións fornecidas polo titular do proxecto.

1. De acordo coas disposicións sobre propiedade industrial e coa práctica xurídica en materia de segredo industrial e comercial, o órgano competente, ao realizar a avaliación de impacto ambiental, deberá respectar a confidencialidade das informacións fornecidas polo titular do proxecto que teñan tal carácter, tendo en conta, en todo caso, a protección do interese público.

2. Cando a avaliación de impacto ambiental afecte outro Estado membro das Comunidades Europeas, a transmisión de información a este estará sometida ás restricións que para garantir a devandita confidencialidade se consideren convenientes.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

1. Este real decreto legislativo ten o carácter de lexislación básica de protección do ambiente ao abeiro do disposto no artigo 149.1.23.ª da Constitución.

2. Non son básicos e só serán de aplicación á Administración xeral do Estado e aos seus organismos públicos os seguintes preceptos:

- a) os números 1 e 3 do artigo 4,
- b) o artigo 6.2,
- c) o artigo 8.3,
- d) o artigo 10.2,
- e) o parágrafo segundo do artigo 12.2,
- f) o parágrafo segundo do artigo 12.3,
- g) o parágrafo segundo do artigo 14.1,
- h) os parágrafos segundo e terceiro do artigo 14.2,
- i) o artigo 16.2,
- j) o artigo 17.1, último parágrafo,
- k) o artigo 19.2,
- l) o artigo 22,
- m) a disposición adicional terceira,
- n) os números 2 e 3 da disposición adicional cuarta.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

1. Autorízase o Goberno para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións regulamentarias precisas para o desenvolvemento desta lei.

2. A habilitación do Goberno para aprobar normas básicas mediante real decreto circunscríbese a aqueles aspectos de carácter técnico ou de natureza conxuntural e cambiante que resulten indispensables para asegurar o mínimo común denominador establecido na lei.

ANEXO I

Proxectos incluídos no número 1 do artigo 3

Grupo 1. Agricultura, silvicultura, acuicultura e ganaría.

a. As primeiras repoboacións forestais de máis de 50 hectáreas, cando entrañen riscos de graves transformacións ecolóxicas negativas.

b. Corta de arborado con propósito de cambiar a outro tipo de uso do solo, cando non estea sometida a plans de ordenación e afecte unha superficie maior de 20 hectáreas. Non se inclúe neste punto a corta de cultivos arbóreos explotados a quenda inferior a 50 anos.

c. Proxectos para destinar terreos incultos ou áreas seminaturais á explotación agrícola intensiva, que impliquen a ocupación dunha superficie maior de 100 hectáreas ou maior de 50 hectáreas no caso de terreos en que a pendente media sexa igual ou superior ao 20 %.

d. Proxectos de xestión de recursos hídricos para a agricultura, con inclusión de proxectos de rega ou de drenaxe de terreos, cando afecten unha superficie maior de 100 hectáreas. Non se inclúen os proxectos de consolidación e mellora de regadíos.

e. Instalacións de ganaría intensiva que superen as seguintes capacidades:

1. 40.000 prazas para galiñas e outras aves.
2. 55.000 prazas para polos.
3. 2.000 prazas para porcos de engorda.
4. 750 prazas para porcas de cría.
5. 2.000 prazas para gando ovino e caprino.
6. 300 prazas para gando vacún de leite.
7. 600 prazas para vacún de ceba.
8. 20.000 prazas para coellos.

Grupo 2. Industria extractiva.

a. Explotacións e fronteiras dunha mesma autorización ou concesión a ceo aberto de xacigos minerais e demais recursos xeolóxicos das seccións A, B, C e D cuxo aproveitamento está regulado pola Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, e normativa complementaria, cando se dea algunha das circunstancias seguintes:

1. Explotacións en que a superficie de terreo afectado supere as 25 hectáreas.
2. Explotacións que teñan un movemento total de terras superior a 200.000 metros cúbicos/ano.
3. Explotacións que se realicen por debaixo do nivel freático, tomando como nivel de referencia o máis elevado entre as oscilacións anuais, ou que poden supor unha diminución da recarga de acuíferos superficiais ou profundos.
4. Explotacións de depósitos ligados á dinámica actual: fluvial, fluvio-glacial, litoral ou eólica. Aquel outros depósitos e turbeiras que, polo seu contido en flora fósil, poidan ter interese científico para a reconstrución palinolóxica e paleoclimática. Explotación de depósitos mariños.
5. Explotacións visibles desde autoestradas, autovías, estradas nacionais e comarcais ou núcleos urbanos superiores a 1.000 habitantes ou situadas a distancias inferiores a 2 quilómetros de tales núcleos.

6. Explotacións situadas en espazos naturais protexidos ou nunha área que se poida visualizar desde calquera dos seus límites establecidos, ou que supoñan un menoscabo aos seus valores naturais.

7. Explotacións de substancias que poidan sufrir alteracións por oxidación, hidratación etc., e que induzan, en límites superiores aos incluídos nas lexislacións vixentes, a acidez, toxicidade ou outros parámetros en concentracións tales que supoñan risco para a saúde humana ou o ambiente, como os minerais en bruto con sulfuros, explotacións de combustibles sólidos, explotacións que requirían tratamento por lixiviación in situ e minerais radioactivos.

8. Explotacións que estean situadas en terreo de dominio público hidráulico ou en zona de policía dun leito cando se desenvolvan en zonas especialmente sensibles, designadas en aplicación da Directiva 79/409/CEE do Consello, do 2 de abril de 1979, relativa á conservación das aves silvestres e da Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, ou en zonas húmidas incluídas na lista do Convenio de Ramsar.

9. Extraccións que, mesmo non cumprindo ningunha das condicións anteriores, se sitúen a menos de 5 quilómetros dos límites da área que se prevexa afectar polos labores e as instalacións anexas de calquera explotación ou concesión mineira a ceo aberto existente.

b. Minaría subterránea nas explotacións en que se dea algunha das circunstancias seguintes:

1. Que a súa paraxénese poida, por oxidación, hidratación ou disolución, producir augas ácidas ou alcalinas que dean lugar a cambios no pH ou liberen ións metálicos ou non metálicos que supoñan unha alteración do medio natural.

2. Que exploten minerais radioactivos.

3. Aquelas cuxos minados se encontren a menos de 1 quilómetro (medido en plano) de distancia de núcleos urbanos, que poidan inducir riscos por subsistencia.

En todos os casos se inclúen todas as instalacións e estruturas necesarias para o tratamento do mineral, almacenamentos temporais ou residuais de estériles de mina ou do aproveitamento mineralúrxico (entulleiras, presas e balsas de auga ou de estériles, plantas de machucadura ou mineralúrxicas etc.).

c. Dragaxes:

1. Dragaxes fluviais cando se realicen en tramos de leitos ou zonas húmidas protexidas designadas en aplicación das directivas 79/409/CEE do Consello, do 2 de abril de 1979 e 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, ou en zonas húmidas incluídas na lista do Convenio de Ramsar e cando o volume extraído sexa superior a 20.000 metros cúbicos/ano.

2. Dragaxes mariñas para a obtención de area, cando o volume que se vaia extraer sexa superior a 3.000.000 de metros cúbicos/ano.

d. Extracción de petróleo e gas natural con fins comerciais, cando a cantidade extraída sexa superior a 500 toneladas por día no caso do petróleo e de 500.000 metros cúbicos por día no caso do gas, por concesión.

Grupo 3. Industria enerxética.

a. Refinarías de petróleo bruto (coa exclusión das empresas que produzan unicamente lubricantes a partir de petróleo bruto), así como as instalacións de gasificación e de licuefacción de, cando menos, 500 toneladas de carbón de xistos bituminosos (ou de lousa bituminosa) ao día.

b. Centrais térmicas e nucleares:

1. Centrais térmicas e outras instalacións de combustión con potencia térmica de, polo menos, 300 MW.

2. Centrais nucleares e outros reactores nucleares, incluídos o desmantelamento ou clausura definitiva de tales centrais e reactores (con exclusión das instalacións de investigación para a produción e transformación de materiais fisíles e fértiles, cuxa potencia máxima non supere 1 kW de carga térmica continua). As centrais nucleares e outros reactores nucleares deixan de se considerar como tales instalacións cando a totalidade do combustible nuclear e doutros elementos radioactivamente contaminados fose retirada de modo definitivo do lugar da instalación.

c. Instalación de reprocesamento de combustibles nucleares irradiados.

d. Instalacións deseñadas para calquera dos seguintes fins:

1. A produción ou enriquecemento de combustible nuclear.

2. A xestión de combustible nuclear gastado ou de residuos de alta actividade.

3. O almacenamento definitivo do combustible nuclear gastado.

4. Exclusivamente o almacenamento definitivo de residuos radioactivos.

5. Exclusivamente o almacenamento (proxeitado para un período superior a dez anos) de combustibles nucleares gastados ou de residuos radioactivos nun lugar distinto do de produción.

e. Instalacións industriais para a produción de electricidade, vapor e auga quente con potencia térmica superior a 300 MW.

f. Tubaxes para o transporte de gas e petróleo cun diámetro de máis de 800 milímetros e unha lonxitude superior a 40 quilómetros.

g. Construción de liñas aéreas para o transporte de enerxía eléctrica cunha voltaxe igual ou superior a 220 kV e unha lonxitude superior a 15 quilómetros.

h. Instalacións para o almacenamento de produtos petrolíferos maiores de 100.000 toneladas.

i. Instalacións para a utilización da forza do vento para a produción de enerxía (parques eólicos) que teñan 50 ou máis aeroxeradores, ou que se encontren a menos de 2 quilómetros doutro parque eólico.

Grupo 4. Industria siderúrxica e do mineral. Producción e elaboración de metais.

a. Plantas siderúrxicas integrais. Instalacións para a produción de metais en bruto non ferrosos a partir de minerais, de concentrados ou de materias primas secundarias mediante procesos metalúrxicos, químicos ou electrolíticos.

b. Instalacións destinadas á extracción de amianto, así como o tratamento e transformación do amianto e dos produtos que conteñen amianto: para os produtos de amianto-cemento, cunha produción anual de máis do 20.000 toneladas de produtos acabados; para os usos do amianto como materiais de fricción, cunha produción anual de máis de 50 toneladas de produtos acabados; para os demais usos do amianto, unha utilización anual de máis do 200 toneladas.

c. Instalacións para a produción de lingotes de ferro ou de aceiro (fusión primaria ou secundaria), incluídas as instalacións de fundición continua dunha capacidade de máis do 2,5 toneladas por hora.

d. Instalacións para a elaboración de metais ferrosos nas que se realice algunha das seguintes actividades:

1. Laminación en quente cunha capacidade superior a 20 toneladas de aceiro en bruto por hora.

2. Forxadura con martelos cuxa enerxía de impacto sexa superior a 50 quilojoules por martelo e cando a potencia térmica utilizada sexa superior a 20 MW.

3. Aplicación de capas protectoras de metal fundido cunha capacidade de tratamento de máis de 2 toneladas de aceiro bruto por hora.

e. Fundicións de metais ferrosos cunha capacidade de produción de máis de 20 toneladas por día.

f. Instalacións para a fundición (incluída a aliaxe) de metais non ferrosos, con excepción de metais preciosos, incluídos os produtos de recuperación (refinación, restos de fundición etc.), cunha capacidade de fusión de máis de 4 toneladas para o chumbo e o cadmio ou 20 toneladas para todos os demais metais, por día.

g. Instalacións para o tratamento da superficie de metais e materiais plásticos por proceso electrolítico ou químico, cando o volume das cubetas empregadas para o tratamento sexa superior a 30 metros cúbicos.

h. Instalacións de calcinación e de sinterización de minerais metálicos, con capacidade superior a 5.000 toneladas por ano de mineral procesado.

i. Instalacións para a fabricación de cemento ou de clinker en fornos rotatorios, cunha capacidade de produción superior a 500 toneladas diarias, ou de clinker en fornos doutro tipo, cunha capacidade de produción superior a 50 toneladas ao día. Instalacións dedicadas á fabricación de cal en fornos rotatorios, cunha capacidade de produción superior a 50 toneladas por día.

j. Instalacións para a fabricación de vidro, incluída a fibra de vidro, cunha capacidade de fusión superior a 20 toneladas por día.

k. Instalacións para a fundición de substancias minerais, incluída a produción de fibras minerais, cunha capacidade de fundición superior a 20 toneladas por día.

l. Instalacións para a fabricación de produtos cerámicos mediante enforamento, en particular, tellas, ladrillos, ladrillos refractarios, azulexos, gres ou porcelana, cunha capacidade de produción superior a 75 toneladas por día e/ou unha capacidade de enforamento de máis de 4 metros cúbicos e máis de 300 quilogramos por metro cúbico de densidade de carga por forno.

Grupo 5. Industria química, petroquímica, téxtil e papeleira.

a. Instalacións químicas integradas, é dicir, instalacións para a fabricación a escala industrial de substancias mediante transformación química, nas que se encontran xustapostas varias unidades vinculadas funcionalmente entre si, e que se utilizan para:

1. A produción de produtos químicos orgánicos básicos.

2. A produción de produtos químicos inorgánicos básicos.

3. A produción de fertilizantes a base de fósforo, nitróxeno ou potasio (fertilizantes simples ou compostos).

4. A produción de produtos fitosanitarios básicos e de biocidas.

5. A produción de produtos farmacéuticos básicos mediante un proceso químico ou biolóxico.

6. A produción de explosivos.

b. Tubaxes para o transporte de produtos químicos cun diámetro de máis de 800 milímetros e unha lonxitude superior a 40 quilómetros.

c. Instalacións para o almacenamento de produtos petroquímicos ou químicos, cunha capacidade de, cando menos, 200.000 toneladas.

d. Plantas para o tratamento previo (operacións tales como o lavado, branqueo, mercerización) ou para a tinxidura de fibras ou produtos téxtiles cando a capacidade de tratamento supere as 10 toneladas diarias.

e. As plantas para o curtume de peles e coiros cando a capacidade de tratamento supere as 12 toneladas de produtos acabados por día.

- f. Plantas industriais para:
1. A produción de pasta de papel a partir de madeira ou doutras materias fibrosas similares.
 2. A produción de papel e cartón, cunha capacidade de produción superior a 200 toneladas diarias.

g. Instalacións de produción e tratamento de celulosa cunha capacidade de produción superior a 20 toneladas diarias.

Grupo 6. Proxectos de infraestruturas.

a. Estradas:

1. Construción de autoestradas e autovías, vías rápidas e estradas convencionais de novo trazado.
2. Actuacións que modifiquen o trazado de autoestradas, autovías, vías rápidas e estradas convencionais preexistentes nunha lonxitude continuada de máis de 10 quilómetros.
3. Ampliación de estradas convencionais que impliquen a súa transformación en autoestrada, autovía ou estrada de dobre calzada nunha lonxitude continuada de máis de 10 quilómetros.

b. Construción de liñas de ferrocarril para tráfico de longo percorrido.

c. Construción de aeroportos con pistas de engalaxe e aterraxe dunha lonxitude de, cando menos, 2.100 metros.

d. Portos comerciais, pesqueiros ou deportivos.

e. Espigóns e peiraos para carga e descarga conectados a terra que admitan barcos de arqueo superior a 1.350 toneladas.

f. Obras costeiras destinadas a combater a erosión e obras marítimas que poidan alterar a costa, por exemplo, pola construción de diques, crebaondas, espigóns e outras obras de defensa contra o mar, excluídos o mantemento e a reconstrución de tales obras, cando estas estruturas alcancen unha profundidade de, cando menos, 12 metros con respecto á baixamar máxima viva equinoccial.

Grupo 7. Proxectos de enxeñaría hidráulica e de xestión da auga.

a. Presas e outras instalacións destinadas a reter a auga ou almacenala permanentemente cando o volume novo ou adicional de auga almacenada sexa superior a 10.000.000 de metros cúbicos.

b. Proxectos para a extracción de augas subterráneas ou a recarga artificial de acuíferos, se o volume anual de auga extraída ou achegada é igual ou superior a 10.000.000 de metros cúbicos.

c. Proxectos para o transvasamento de recursos hídricos entre bacías fluviais, excluídos os transvasamentos de auga potable por tubaxe, en calquera dos seguintes casos:

1. Que o transvasamento teña por obxecto evitar a posible escaseza de auga e o volume de auga transvasada sexa superior a 100.000.000 de metros cúbicos ao ano.

2. Que o fluxo medio plurianual da bacía da extracción supere os 2.000.000.000 de metros cúbicos ao ano e o volume de auga transvasada supere o 5 % do dito fluxo.

3. En todos os demais casos, cando algunha das obras que constitúe o transvasamento figure entre as comprendidas neste anexo I.

d. Plantas de tratamento de augas residuais cuxa capacidade sexa superior a 150.000 habitantes-equivalentes.

e. Perforacións profundas para o abastecemento de auga cando o volume de auga extraída sexa superior a 10.000.000 de metros cúbicos.

Grupo 8. Proxectos de tratamento e xestión de residuos.

a. Instalacións de incineración de residuos perigosos definidos no artigo 3.c da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, así como as de eliminación dos ditos residuos mediante depósito en vertedoiro, depósito de seguranza ou tratamento químico (como se define na epígrafe D9 do anexo HA da Directiva 75/442/CEE do Consello, do 15 de xullo de 1975, relativa aos residuos).

b. Instalacións de incineración de residuos non perigosos ou de eliminación dos ditos residuos mediante tratamento químico (como se define na epígrafe D9 do anexo HA da Directiva 75/442/CEE do Consello, do 15 de xullo de 1975), cunha capacidade superior a 100 toneladas diarias.

c. Vertedoiros de residuos non perigosos que reciban máis de 10 toneladas por día ou que teñan unha capacidade total de máis de 25.000 toneladas, excluídos os vertedoiros de residuos inertes.

Grupo 9. Outros proxectos.

a. Transformacións de uso do solo que impliquen eliminación da cuberta vexetal arbustiva, cando tales transformacións afecten superficies superiores a 100 hectáreas.

b. Os seguintes proxectos correspondentes a actividades listadas no anexo I que, non acadando os valores dos limiares establecidos nel, se desenvolvan en zonas especialmente sensibles, designadas en aplicación da Directiva 79/409/CEE do Consello, do 2 de abril de 1979, e da Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, ou en zonas húmidas incluídas na lista do Convenio de Ramsar:

1. Primeiras repoboacións forestais cando entrañen riscos de graves transformacións ecolóxicas negativas.

2. Proxectos para destinar terreos incultos ou áreas seminaturais á explotación agrícola intensiva que impliquen a ocupación dunha superficie maior de 10 hectáreas.

3. Proxectos de xestión de recursos hídricos para a agricultura, con inclusión de proxectos de rega ou de drenaxe de terreos, cando afecten unha superficie maior de 10 hectáreas.

4. Transformacións de uso do solo que impliquen eliminación da cuberta vexetal cando tales transformacións afecten superficies superiores a 10 hectáreas.

5. Dragaxes mariñas para a obtención de area.

6. Explotacións e frontes dunha mesma autorización ou concesión a ceo aberto de xacigos minerais e demais recursos xeolóxicos das seccións A, B, C e D, cuxo aproveitamento está regulado pola Lei de minas e normativa complementaria, cando a superficie de terreo afectado pola explotación supere as 2,5 hectáreas ou a explotación esta situada en terreo de dominio público hidráulico, ou na zona de policía dun leito.

7. Tubaxes para o transporte de produtos químicos e para o transporte de gas e petróleo cun diámetro de máis de 800 milímetros e unha lonxitude superior a 10 quilómetros.

8. Liñas aéreas para o transporte de enerxía eléctrica cunha lonxitude superior a 3 quilómetros.

9. Parques eólicos que teñan máis de 10 aerogeneradores.

10. Plantas de tratamento de augas residuais.

c. Os proxectos que se citan a seguir, cando se desenvolvan en zonas especialmente sensibles, designadas en aplicación das directivas 79/409/CEE do Consello, do 2 de abril de 1979 e 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, ou en zonas húmidas incluídas na lista do Convenio de Ramsar:

1. Instalacións para a produción de enerxía hidroeléctrica.

2. Construción de aeródromos.

3. Proxectos de urbanizacións e complexos hoteleiros fóra das zonas urbanas e construcións asociadas, incluída a construción de centros comerciais e de aparcadoiros.

4. Pistas de esquí, remontes e teleféricos e construcións asociadas.

5. Parques temáticos.

6. Vertedoiros de residuos non perigosos non incluídos no grupo 8 deste anexo I, así como de residuos inertes que ocupen máis de 1 hectárea de superficie medida en verdadeira magnitude.

7. Obras de canalización e proxectos de defensa de cursos naturais.

8. Instalacións de condución de auga a longa distancia cando a lonxitude sexa maior de 10 quilómetros e a capacidade máxima de condución sexa superior a 5 metros cúbicos/segundo.

9. Concentracións parcelarias.

d. Todos os proxectos incluídos no anexo II cando sexa exixida a avaliación de impacto ambiental pola normativa autonómica.

e. Calquera modificación ou extensión dun proxecto consignado neste anexo, cando tal modificación ou extensión cumpre, por si soa, os posibles limiares establecidos no presente anexo.

Nota: o fraccionamento de proxectos de igual natureza e realizados no mesmo espazo físico non impedirá a aplicación dos limiares establecidos neste anexo, para o cal se acumularán as magnitudes ou dimensións de cada un dos proxectos considerados.

ANEXO II

Proxectos incluídos no número 2 do artigo 3

Grupo 1. Agricultura, silvicultura, acuicultura e ganadería.

a. Proxectos de concentración parcelaria (excepto os incluídos no anexo I).

b. Primeiras repoboacións forestais cando entrañen riscos de graves transformacións ecolóxicas negativas (proxectos non incluídos no anexo I).

c. Proxectos de xestión de recursos hídricos para a agricultura, con inclusión de proxectos de rega ou de drenaxe de terreos cando afecten unha superficie maior de 10 hectáreas (proxectos non incluídos no anexo I), ou ben proxectos de consolidación e mellora de regadíos de máis de 100 hectáreas.

d. Proxectos para destinar áreas seminaturais á explotación agrícola intensiva non incluídos no anexo I.

e. Instalacións para a acuicultura intensiva que teña unha capacidade de produción superior a 500 toneladas ao ano.

Grupo 2. Industrias de produtos alimenticios.

a. Instalacións industriais para a elaboración de graxas e aceites vexetais e animais, sempre que na instalación se dean de forma simultánea as circunstancias seguintes:

1. Que estea situada fóra de polígonos industriais.

2. Que se encontre a menos de 500 metros dunha zona residencial.

3. Que ocupe unha superficie de, cando menos, 1 hectárea.

b. Instalacións industriais para o envasado e enlatado de produtos animais e vexetais. Instalacións cuxa materia prima sexa animal, exceptuado o leite, cunha capacidade de produción superior a 75 toneladas por día de produtos acabados, e instalacións cuxa materia prima sexa vexetal cunha capacidade de produción superior a 300 toneladas por día de produtos acabados (valores medios trimestrais).

c. Instalacións industriais para fabricación de produtos lácteos, sempre que a instalación reciba unha cantidade de leite superior a 200 toneladas por día (valor medio anual).

d. Instalacións industriais para a fabricación de cervexa e malte, sempre que na instalación se dean de forma simultánea as circunstancias seguintes:

1. Que estea situada fóra de polígonos industriais.

2. Que se encontre a menos de 500 metros dunha zona residencial.

3. Que ocupe unha superficie de, cando menos, 1 hectárea.

e. Instalacións industriais para a elaboración de confeituras e xaropes, sempre que na instalación se dean de forma simultánea as circunstancias seguintes:

1. Que estea situada fóra de polígonos industriais.

2. Que se encontre a menos de 500 metros dunha zona residencial.

3. Que ocupe unha superficie de, cando menos, 1 hectárea.

f. Instalacións para o sacrificio e/ou a parta de animais cunha capacidade de produción de canais superior a 50 toneladas por día.

g. Instalacións industriais para a fabricación de féculas, sempre que se dean de forma simultánea as circunstancias seguintes:

1. Que estea situada fóra de polígonos industriais.

2. Que se encontre a menos de 500 metros dunha zona residencial.

3. Que ocupe unha superficie de, cando menos, 1 hectárea.

h. Instalacións industriais para a fabricación de fariña de peixe e aceite de peixe, sempre que na instalación se dean de forma simultánea as circunstancias seguintes:

1. Que estea situada fóra de polígonos industriais.

2. Que se encontre a menos de 500 metros dunha zona residencial.

3. Que ocupe unha superficie de, cando menos, 1 hectárea.

i. Azucreiras cunha capacidade de tratamento de materia prima superior ás 300 toneladas diarias.

Grupo 3. Industria extractiva.

a. Perforacións profundas, con excepción das perforacións para investigar a estabilidade dos solos, en particular:

1. Perforacións xeotérmicas.

2. Perforacións para o almacenamento de residuos nucleares.

3. Perforacións para o abastecemento de auga.

4. Perforacións petrolíferas.

b. Instalacións industriais no exterior para a extracción de carbón, petróleo, gas natural, minerais e lousas bituminosas.

c. Instalacións industriais no exterior e no interior para a gasificación do carbón e lousas bituminosas.

d. Dragaxes mariñas para a obtención de area (proxectos non incluídos no anexo I).

e. Explotacións (non incluídas no anexo I) que estean situadas en terreo de dominio público hidráulico para extraccións superiores a 20.000 metros cúbicos/ano ou en zona de policía de leitos e a súa superficie sexa maior de 5 hectáreas.

f. Dragaxes fluviaes (non incluídas no anexo I) cando o volume de produto extraído sexa superior a 100.000 metros cúbicos.

Grupo 4. Industria enerxética.

- a. Instalacións industriais para o transporte de gas, vapor e auga quente; transporte de enerxía eléctrica mediante liñas aéreas (proxectos non incluídos no anexo I), que teñan unha lonxitude superior a 3 quilómetros.
- b. Fabricación industrial de aglomerados de hulla e de lignito.
- c. Instalacións para a produción de enerxía hidroeléctrica (cando, segundo o establecido no anexo I, non o exixa calquera das obras que constitúen a instalación).
- d. Instalacións de oleodutos e gasodutos (proxectos non incluídos no anexo I), excepto en solo urbano, que teñan unha lonxitude superior a 10 quilómetros.
- e. Almacenamento de gas natural sobre o terreo. Tanques con capacidade unitaria superior a 200 toneladas.
- f. Almacenamento subterráneo de gases combustibles. Instalacións con capacidade superior a 100 metros cúbicos.
- g. Instalacións para o procesamento e almacenamento de residuos radioactivos (que non estean incluídas no anexo I).
- h. Parques eólicos non incluídos no anexo I.
- i. Instalacións industriais para a produción de electricidade, vapor e auga quente con potencia térmica superior a 100 MW.

Grupo 5. Industria siderúrxica e do mineral. Producción e elaboración de metais.

- a. Fornos de coque (destilación seca do carbón).
- b. Instalacións para a produción de amianto e para a fabricación de produtos baseados no amianto (proxectos non incluídos no anexo I).
- c. Instalacións para a fabricación de fibras minerais artificiais.
- d. Estaleiros.
- e. Instalacións para a construción e reparación de aeronaves.
- f. Instalacións para a fabricación de material ferroviario.
- g. Instalacións para a fabricación e montaxe de vehículos de motor e fabricación de motores para vehículos.
- h. Embutido de fondo mediante explosivos ou expansores do terreo.

Grupo 6. Industria química, petroquímica, téxtil e papeleira.

- a. Tratamento de produtos intermedios e produción de produtos químicos.
- b. Produción de pesticidas e produtos farmacéuticos, pinturas e vernices, elastómeros e peróxidos.
- c. Instalacións de almacenamento de produtos petroquímicos e químicos (proxectos non incluídos no anexo I).
- d. Fabricación e tratamento de produtos a base de elastómeros.

Grupo 7. Proxectos de infraestruturas.

- a. Proxectos de zonas industriais.
- b. Proxectos de urbanizacións, incluída a construción de centros comerciais e aparcadoiros.
- c. Construción de liñas de ferrocarril, de instalacións de transbordo intermodal e de terminais intermodais (proxectos non incluídos no anexo I).
- d. Construción de aeródromos (proxectos non incluídos no anexo I).
- e. Obras de alimentación artificial de praias cuxo volume de achega de area supere os 500.000 metros cúbicos ou ben que requiran a construción de diques ou espigóns (proxectos non incluídos no anexo I).
- f. Tranvías, metros aéreos e subterráneos, liñas suspendidas ou liñas similares dun determinado tipo, que sirvan exclusiva ou principalmente para o transporte de pasaxeiros.

Grupo 8. Proxectos de enxeñaría hidráulica e de xestión da auga.

- a. Extracción de augas subterráneas ou recarga de acuíferos cando o volume anual de auga extraída ou achegada sexa superior a 1.000.000 de metros cúbicos (proxectos non incluídos no anexo I).
- b. Proxectos para o transvasamento de recursos hídricos entre bacías fluviais cando o volume de auga transvasada sexa superior a 5.000.000 de metros cúbicos. Exceptúanse os transvasamentos de auga potable por tubaxe ou a reutilización directa de augas depuradas (proxectos non incluídos no anexo I).
- c. Construción de vías navegables, portos de navegación interior, obras de canalización e proxectos de defensa de leitos e marxes cando a lonxitude total do tramo afectado sexa superior a 2 quilómetros e non se encontran entre os supostos recollidos no anexo I. Exceptúanse aquelas actuacións que se executen para evitar o risco en zona urbana.
- d. Plantas de tratamento de augas residuais superiores a 10.000 habitantes-equivalentes.
- e. Instalacións de desalga ou desalobración de auga cun volume novo ou adicional superior a 3.000 metros cúbicos/día.
- f. Instalacións de condución de auga a longa distancia cando a lonxitude sexa maior de 40 quilómetros e a capacidade máxima de condución sexa superior a 5 metros cúbicos/segundo (proxectos non incluídos no anexo I).
- g. Presas e outras instalacións destinadas a reter a auga ou almacenala, sempre que se dea algún dos seguintes supostos:
 1. Grandes presas segundo se definen no Regulamento técnico sobre seguranza de presas e encoros, aprobado por Orde do 12 de marzo de 1996, cando non se encontren incluídas no anexo I.
 2. Outras instalacións destinadas a reter a auga, non incluídas no número anterior, con capacidade de almacenamento, novo ou adicional, superior a 200.000 metros cúbicos.

Grupo 9. Outros proxectos.

- a. Pistas permanentes de carreiras e de probas para vehículos motorizados.
- b. Instalacións de eliminación de residuos non incluídas no anexo I.
- c. Depósitos de lodos.
- d. Instalacións de almacenamento de chatarra, incluídos vehículos desbotados e instalacións de desmantelamento.
- e. Instalacións ou bancos de proba de motores, turbinas ou reactores.
- f. Instalacións para a recuperación ou destrución de substancias explosivas.
- g. Pistas de esquí, remontes e teleféricos e construcións asociadas (proxectos non incluídos no anexo I).
- h. Campamentos permanentes para tendas de campaña ou caravanas.
- i. Parques temáticos (proxectos non incluídos no anexo I).
- j. Recuperación de terras ao mar.
- k. Calquera cambio ou ampliación dos proxectos que figuran nos anexos I e II, xa autorizados, executados ou en proceso de execución (modificación ou extensión non recollidas no anexo I que poidan ter efectos adversos significativos sobre o ambiente, é dicir, cando se produza algunha das incidencias seguintes:
 1. Incremento significativo das emisións á atmosfera.
 2. Incremento significativo das verteduras a leitos públicos ou ao litoral.
 3. Incremento significativo da xeración de residuos.

4. Incremento significativo na utilización de recursos naturais.

5. Afección a áreas de especial protección designadas en aplicación das directivas 79/409/CEE do Consello, do 2 de abril de 1979, e 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, ou a zonas húmidas incluídas na lista do Convenio de Ramsar.

l. Os proxectos do anexo I que serven exclusiva ou principalmente para desenvolver ou ensaiar novos métodos ou produtos e que non se utilicen por máis de dous anos.

m. Urbanizacións de vacacións e complexos hoteleiros fóra de áreas urbanas e construcións asociadas.

n. Os proxectos que non estean recollidos no anexo I nin no II cando así o requira a normativa autonómica e por solicitude do órgano ambiental da comunidade autónoma en que estea localizado o proxecto, acreditando para iso que poidan ter efectos significativos no ambiente. A existencia de avaliación de impacto ambiental pola normativa autonómica poderá servir de acreditación para efectos deste punto.

Nota: o fraccionamento de proxectos de igual natureza e realizados no mesmo espazo físico non impedirá a aplicación dos limiares establecidos neste anexo, para o cal se acumularán as magnitudes ou dimensións de cada un dos proxectos considerados.

ANEXO III

Criterios de selección previstos no número 2 do artigo 3

1. Características dos proxectos: as características dos proxectos deberán considerarse, en particular, desde o punto de vista:

- a. Do tamaño do proxecto.
- b. Da acumulación con outros proxectos.
- c. Da utilización de recursos naturais.
- d. Da xeración de residuos.
- e. Da contaminación e outros inconvenientes.
- f. Do risco de accidentes, considerando en particular as substancias e as tecnoloxías utilizadas.

2. Localización dos proxectos: a sensibilidade ambiental das áreas xeográficas que poidan verse afectadas polos proxectos deberá considerarse tendo en conta, en particular:

- a. O uso existente do solo.
- b. A relativa abundancia, calidade e capacidade rexenerativa dos recursos naturais da área.
- c. A capacidade de carga do medio natural, con especial atención ás áreas seguintes:

1. Zonas húmidas.
2. Zonas costeiras.
3. Áreas de montaña e de bosque.
4. Reservas naturais e parques.
5. Áreas clasificadas ou protexidas pola lexislación do Estado ou das comunidades autónomas; áreas de especial protección designadas en aplicación das directivas 79/409/CEE do Consello, do 2 de abril de 1979, e 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992.
6. Áreas en que se superaron xa os obxectivos de calidade ambiental establecidos na lexislación comunitaria.
7. Áreas de gran densidade demográfica.
8. Paisaxes con significación histórica, cultural e/ou arqueolóxica.

3. Características do potencial impacto: os potenciais efectos significativos dos proxectos deben considerarse en relación cos criterios establecidos nos anteriores números 1 e 2, e tendo presente, en particular:

- a. A extensión do impacto (área xeográfica e tamaño da poboación afectada).
- b. O carácter transfronteirizo do impacto.

c. A magnitude e complexidade do impacto.

d. A probabilidade do impacto.

e. A duración, frecuencia e reversibilidade do impacto.

XEFATURA DO ESTADO

1465 *CORRECCIÓN de erros da Lei 48/2007, do 19 de decembro, pola que se modifica a Lei 28/1990, do 26 de decembro, pola que se aproba o Convenio económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra. («BOE» 24, do 28-11-2008.)*

Advertidos erros na publicación da Lei 48/2007, do 19 de decembro, pola que se modifica a Lei 28/1990, do 26 de decembro, pola que se aproba o Convenio económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 33, do 26 de decembro de 2007, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Nas páxinas 52385 e 52386 no artigo 33, número 6, as alíneas «a) Entregas de bens», «b) prestacións de servizos» e «c) Non obstante o disposto...», que van precedidas de letras en minúsculas, deben ir precedidas das letras correspondentes en maiúsculas.

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

1628 *REAL DECRETO 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade. («BOE» 27, do 31-1-2008.)*

A Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, sinala no seu artigo 25.2 que os programas de formación ocupacional e continua se desenvolverán de acordo co establecido na citada lei, así como na Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, e nas normas que se diten para a súa aplicación.

A este respecto, a Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, establece no número 1 do seu artigo 8 que os certificados de profesionalidade teñen carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, acreditan as correspondentes cualificacións profesionais aos que os obtivesen e serán expedidos pola Administración laboral competente. A expedición dos certificados de profesionalidade corresponderá, de acordo co réxime de distribución de competencias na materia en que se incardina este real decreto, aos órganos competentes das comunidades autónomas. A Administración xeral do Estado expedirá os certificados de profesionalidade naqueles supostos en que a lexislación vixente lle reservase as competencias executivas en materia de formación profesional para o emprego ou cando non exista traspaso.

No mesmo número do artigo 8 da citada lei establécese que tanto os títulos de formación profesional como os certificados de profesionalidade terán os efectos que lles correspondan segundo a normativa da Unión Europea relativa ao sistema xeral de recoñecemento da formación profesional nos Estados membros da Unión e demais